




↑ Tres cores: Vermello (Krzysztof Kiesiowski) ESTREA 2 DE AGOSTO

NUMAX PRESENTA:

80 | AGOSTO 2024



Librería




Agostadas e esgotadas

Aquí estamos, metidas de cheo no verán, agostadas e esgotadas. Ao noso arredor, unha cidade que está a ser comida polo turismo, que nos alenta a fuxir cara outros lugares onde poder descansar. E que somos nós nes lugares aos que fuximos? Como vai estar a cidade á volta? Serán suficientes esas semanas de repouso no medio dun sistema que nos exprime? Aquí vos quedan un feixe de libros moi diversos que falan de turismo, de viaxar, de tempo e de recuperar enerxía.

A lo mejor preferirías pagar facturas en vez de cocinar salmón sobre pedras ardiendo al lado [de una cascada
preferirías ir al bar de siempre a ver a amigas nuevas y antiguas [un mono amaestrado
que en la panadería te saluden [un mono amaestrado
y no pagarle a alguien en Bali para que [un mono amaestrado
coja tu móvil [un mono amaestrado
y simule que se hace contigo un selfie [un mono amaestrado
porque si no sabes quién eres [un mono amaestrado
cuando paseas por tu ciudad [un mono amaestrado
siento destriparte la historia: [un mono amaestrado
tampoco lo sabrás en Indonesia [un mono amaestrado
y no pasa nada, [un mono amaestrado
pero mejor no te gastes 3000 euros. [un mono amaestrado

Círculo cerrado de vigilancia
Mayte Gómez Molina
CIELO SANTO 16€




O nadador
John Cheever
RINOCERONTE | 22 €



El malestar de las ciudades
Jorge Dioni López
ARPA | 19,90€




La turista
Yun Ko-eun
RESERVOIR BOOKS | 20,90€



Galicia, a Suíza de España
Annette B. Meakin
RINOCERONTE | 28,50€



Gato con sombrero
Elena Marcos
MENGUANES | 15€




Bienvenido, Mr. Turismo.
Alicia Fuentes Vega
CÁTEDRA | 23,95€



Modo de vida imperial: vida cotidiana y crisis ecológica del capitalismo
Ulrich Brand, Markus Wissen
TINTA LIMÓN | 15€



El salón del perejil gigante
Gilles Clément
ELBA | 21€



No tengo tiempo. Geografía de la precariedad
Jorge Moruno
AKAL | 15€



El malestar de la turistificación
V.V.A.A.
ICARIA | 24€



Mamut
Eva Baltasar
ARPA | 16€



La conformista
Alba Dedeu
SEXTO PISO | 16,90€



Lixeiro

Ismael Ramos

XERAIS
| 12,95€



**Peregrinos
de la belleza**

María Belmonte
ACANTILADO
| 20€



El valle feliz

Annemarie
Schwarzenbach

LA LÍNEA DEL
HORIZONTE
| 15,90



Mar branco.
**Crónicas
de Rusia
e Europa
Oriental**

Brais
Suárez
GALAXIA | 25€

**PETÍS
NUMAX**

**XULLO—
AGOSTO
2024**

**TARIFA
ESPECIAL**
Para nenos e nenas
menores de 13 anos
e acompañantes

**PIDE
A TU
TARXETA
PETÍS!**
Se ves a 5 pelis,
convidámoste
á seguinte!

Horario de verán na librería

De luns a venres: de 10:30 a 14:00 h
e de 16:00 a 19:00 h.

Sábados e domingos a librería
permanecerá pechada

Do 29 de xullo ao 1 de setembro



**Lembra que
podes facer o teu
pedido a través
da nosa páxina
web e recoller os
libros en tenda.**



VOLVERÉIS ESTREA 30 AGO

Jonás Trueba, 114', ESP, VO

Con Itsaso Arana, Vito Sanz

Despois de 15 anos xuntos, Ale e Alex teñen unha idea que podería parecer absurda: organizar unha festa para celebrar a súa ruptura. Este anuncio deixa perplexos aos seus seres queridos, pero eles mantéñense firmes na decisión de separarse. Ou se cadra non?

«Jonás Trueba conmove cunha comedia sobre a fin do amor que talvez sexa a súa mellor obra até a data» LUIS MARTÍNEZ

**🏆 Mellor Filme Europeo Quincena
dos Realizadores Cannes 2024**





TRES CORES: VERMELLO

ESTREA 2 AGO

Krzysztof Kieslowski, 99', FR, VOSE, 1994

Con Irène Jacob, Jean-Louis Trintignant

Valentina, una moza estudante que se gaña a vida como modelo, salva a vida dun can atropelado por un coche. A busca do seu dono condúcea a un xuíz xubilado que ten unha estraña obsesión: escoitar as conversas telefónicas dos seus veciños.

🏆 Nomeado a Mellor filme, guión e fotografía Oscar 1995




REGRESO A CÓRSEGA ESTREA 2 AGO

Catherine Corsini, 106', FR, VOSE, +16

Con Aïssatou Diallo Sagna, Suzy Bemba

Khédidja traballa para unha familia de diñeiro en París que lle ofrece coidar dos nenos durante o verán en Córsega. Esta é unha oportunidade para ela de regresar á illa que deixou atrás hai anos xunto as súas fillas, Jessica e Farah.

🏆 Sección Oficial Cannes 2024



HIPNOSE ESTREA 9 AGO

Ernst De Geer, 98', SWE-ING, VOSE, +12

Con Asta Kamma, Herbert Nordrum

André e Vera, unha parella moza de emprendedores, teñen a oportunidade de presentar a súa app feminista nun prestixioso concurso. Estresada, persoal e profesionalmente, Vera proba a hipnoterapia antes da viaxe e a súa actitude muda radicalmente.

🏆 Mellor Actor, Premio FIPRESCI e Europa Cinemas Karlovy Vary 2023



NON MATARÁS ESTREA 9 AGO

Krzysztof Kieslowski, 85', PL, VOSE

Con Miroslaw Baka, Krzysztof Globisz

Varsovia. Un taxista está lavando o seu coche. Jacek, un mozo campesiño de mirada turbia, vaga pola cidade. Piotr, un estudante de dereito, prepárase para facer o seu último exame. Os seus destinos crúzanse canto Jacek colle un taxi para ir ás aforas da cidade.

🏆 Premio FIPRESCI e Especial



THE SWEET EAST

ESTREA 16 AGO

**Sean Price Williams, 106',
ESP, VOSE, +16**

Con Talia Ryder, Jacob Elordi

Lillian, unha moza estudante de instituto, foxe durante unha excursión escolar. Nesta picaresca viaxe que nos recorda a un conto de fadas ou a unha pícara *Alicia no País das Marabillas*, a moza descubrirá un mundo sorprendente. Benvidos a América!

🏆 **Sección Oficial SEMINCI 2023**



NON AMARÁS

ESTREA 16 AGO

**Krzysztof Kieslowski, 87',
PL, VOSE, 1998**

Con Grazyna Szapolowska, Olaf Lubaszenko

Tomek é un mozo de 19 anos que vive obsesionado con Magda, unha muller trintañeira á que espía cada tarde cuns prismáticos. Ela é unha muller liberal e sen prexuízos que convida á súa casa a moitos homes. Tomek, celoso, decide traballar como repartidor de leite para interromper as súas citas amorosas.

🏆 **Premio Especial do Xurado Donostia 1988**



ILLA PERDIDA (HAUNTED HEART)

ESTREA 23 AGO

Fernando Trueba, 120', ING, VOSE

Con Matt Dillon, Aida Folch

Álex é unha moza que comeza un novo traballo como camareira nunha illa grega. A pesar de gañar a confianza do brasileiro Chico, Álex namora de Max, o norteamericano que rexenta o establecemento. Mentres o seu amor florece empézanse a descubrir inquietantes pistas sobre o pasado de Max.

🏆 **Filme Inaugural Atlántida Film Fest 2024**

Petís. Contos de verán



PINOCHO

PASES ÚNICOS 3-4 AGO

Matteo Garrone, 125', ITA, VOSE/VE

Con Roberto Benigni, Federico Ielapi

Adaptación da clásica historia do boneco de madeira chamado Pinocho, que desexa ser un neno de carne e óso. Filme baseado na obra homónima do escritor italiano Carlo Collodi.

🏆 **Nomeado a Mellor Vestiario e Maquillaxe Oscar 2020**



A REBELIÓN DOS CONTOS

PASES ÚNICOS 10-11 AGO

Jakob Schuh, Jan Lachauer, 58', VE/VOSE

Adaptación do best-seller de Roald Dahl, *Revolting Rhymes*, que ofrece unha revisión moderna e politicamente incorrecta de clásicos da literatura infantil, un filme irreverente para nenos e nenas espertas e intelixentes.



A CANCIÓN DO MAR

PASES ÚNICOS 17-18 AGO

Tomm Moore, 90', ING, VOSE/VE

Ben e Saoirse viven nun faro na parte máis alta dunha pequena illa canda seu pai o cal, para protexelos dos perigos do mar, envíaos a vivir coa súa avoa á cidade. Alí Ben descobre que súa irmá pequena é unha Selkie, unha fada do mar, unha nena foca que coa súa canción pode liberar os seres máxicos dos sortilexios que lles fixo a Bruxa dos mouchos.

🏆 **Nomeado a Mellor Filme de Animación Oscar 2014**



O CONTO DA PRINCESA

KAGUYA PASES ÚNICOS 24-25 AGO

Isao Takahata, 137', XAP, VOSE/VE, 2013

Unha parella de anciáns campesiños atopa unha nena moi pequena dentro dunha planta de bambú e decide adoptala como se fose a súa filla. Convertida axiña nunha fermosa muller, é pretendida por moitos homes, incluído o emperador, pero ela rexéitao a todos porque asegura vir da Lúa e debe volver alí...

🏆 **Nomeado a Mellor Filme de Animación Oscar 2014**

RUBRIEK

STIMLEY

ONHON...
...
...

NOCTURAMA. NOITES DE VERÁN NO CINEMA NUMAX

DO 1 DE XULLO
AO 29 DE AGOSTO

Se vés ver cinco
filmes do ciclo,
convidámoste
á seguinte entrada

ASSÚAS FAVORITAS

26 AGO
BOB, LE FLAMBEUR
(Jean-Pierre Melville)

12 AGO
MADAME DE...
(Max Ophüls)

25 XUL
DELIVERANCE
(John Boorman)

8 AGO
RASHOMON
(Akira Kurosawa)

7 AGO
**AMORODOS
SALVAXES**
(Ingmar Bergman)

13 AGO
METRÓPOLE
(Fritz Lang)

DIRIXIDAS POR...

20 AGO
**BARRY
LYNDON**

1 AGO
O RESPLANDOR

15 AGO
**EYES WIDE
SHUT**

6 AGO
LOLITA

21 AGO
**A LARANXA
MECÁNICA**

14 AGO
**A CHAQUETA
METÁLICA**

O SEU LEGADO

5 AGO
SOLARIS
(Andrei Tarkovsky)

29 AGO
DOCTOR SLEEP
(Mike Flanagan)

22 AGO
UNDER THE SKIN
(Jonathan Glazer)

19 AGO
OS DUELISTAS
(Ridley Scott)

NUMAX

24

NOCTURAMA

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org



Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
